SUXESTIÓNS

PARA

COMENTAR

“O CANTANTE E AS MULLERES”

por MIGALLAS TEATRO

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

1. Comentario sobre a personaxe da *PRESENTADORA.*

"EU QUERO SER UNHA PRESENTADORA"

Eu quero ser una presentadora
en un programa da televisión (¡Galega!)
lucir vestidos que hoxe están de moda,
ganar cartiños e bicos a montóns.
Dubidubidubidón.

Alisarei o pelo coa plancha
e me farei un arreglito no nariz
un par de globos me facían falla
as carnes pretas sen deixar de sonreir.
Dubidubidubidín.

Aprenderei galego en una hora
e nembargantes todo irá moi ben
porque este acento que piden agora
é o meu prefe e me sale muy bien.
Dubidubidubidén.

Presentarei xentes interesantes,
homes esgrevios da nosa rexión,
moi coñocidos polo mundo adiante
polos seus grelos e polos seus lacóns.
Dubidubidubidón.

Vos traerei artistas do momento,
americanos e flamencos a go-gó
e para que todos queden moi contentos
moitos desfiles coa moda espor.
Dubidubidubidón.

Tamén traerei aires da nosa terra :
o pasodoble a rumba e cha-cha-chá
e por que non a gaitiña galega
que a todos xuntos faranos chorar.
Dubidubidubidá.

E cando chegue eu a ser famosa
e grabarei incluso un elepé,
convertireime en la chica de moda.
Tódolos homes me bicarán os pés.
Dubidubidubidén.

Anunciarei champús e deterxentes,
cremas, perfumes, eslips do Pelegrín.
Darei consellos para amas de casa
e todo o mundo querrá ser como min.
Dubidubidubidín. ¡Aaai!

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

1. Tras escoitar a canción "Eu quero ser unha presentadora" corrixe e comenta os erros lingüísticos que aprecies nela. Clasifícaos en castelanismos, hiperenxebrismos, etc. e sinala a clase que máis abunda.

2. ¿Por que cres que aparecen tantos erros?

3. ¿Coñeces casos reais de persoas que falen así na TVG? En caso afirmativo ¿por que pensas que se dan estes casos? ¿Deberíanse solucionar dalgún xeito? ¿Como?

4. ¿Que significado pode ter *"porque este acento que piden agora..."* ?

5. ¿Que tipo de entrevistas a *"xentes interesantes"* se critica?

6. ¿ De que clase de actuacións musicais fala a canción? ¿Por que di que a gaitiña galega*"a todos xuntos faranos chorar"*?

7. ¿ Que outros aspectos parodian a canción e mais a actuación da *presentadora*?

8. Imaxina que ti es a directora ou o director da TVG...¿que farías?

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

2. Comentario sobre a canción "Viva o *Quinto Centenario*."

VIVA O QUINTO CENTENARIO

Cristovo Colón Ferreira,
mariñeiro do Salnés,
quixo xa hai quiñentos anos
ir ás Indias do revés.

Seica tiña moita présa
por ir antes que ninguén
e esnafrouse de fociños
contra as terras do café.

Foi aquilo o comezo
da barbarie colonial
e "anque" entón eran moi brutos
hoxe segue todo igual.

Se antes mataban a espada
e roubaban minerais,
hoxe matan con metralla
e rouban os capitais.

¡Viva o Quinto Centenario!
¡Viva a Colonización!
¡E os xunteiros de Galicia
que financian a "inversión"!.

¡Viva o Quinto Centenario!
¡Viva o ovo de Colón!
¡E a tortilla de patacas
que en América inventou!

Tan magno acontecemento
non se podía "olvidar"
e ese ano hai que celebralo
e montar un carnaval.

Que non sexa polos cartos
nin falta de persoal,
que a ocasión non se repite
nin se pode desprezar.

E montaron unha Expo
de nome Universal
e cun pavillón galego
que non podía faltar.

Que "anque" o paro se dispare
pola crise industrial
hai que gastar os cartiños
na montaxe teatral.

¡Viva o Quinto Centenario!
¡Viva a imaxinación!
¡E vivan os catro pillos
que aproveitan a ocasión!

¡Viva o Quinto Centenario!
¡Viva o bote de Colón!
¡E viva a miña veciña
que me deu a solución!

E despois de tal evento
seguro que seguirán
os pobos máis explotados
que antes do Carnaval.

Pois aquí os señoritos
van a gran "velocidá"
mentres as xentes do pobo
van de cu e para atrás.

A cousa é ben parecida
nas terras alén do mar.
Mitas verbas e "macanas"
para seguir a chuchar.

Os indios son masacrados
polas multinacionais
mentres nos países ricos
triúnfan ritmos tropicais.

¡Viva o Quinto Centenario!
¡E viva a explotación!
¡E viva o Imperialismo
que non dana a color!

¡Viva o Quinto Centenario!
¡E viva a celebración!
E ós xunteiros de Galicia
que lles dean... a comisión!

¡Viva o Quinto Centenario!
¡Viva o ovo de Colón!
¡E viva a miña veciña
que me deu... a solución!

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

1. Comenta o contido desta cantiga.

2. ¿Paréceche que está pasada de moda? ¿Por que?

3. Comentario sobre a personaxe da *VELLA*.

1. ¿Gustouche este personaxe? ¿Por que?

2. ¿Que opinaba das discotecas e das diversións de hoxe?

3. ¿Como se divertían antes?

4. ¿Coñeces algunha persoa parecida?

5. ¿Como se comporta o cantante con ela? ¿Paréceche correcto?

6. ¿Que relación tes ti coas persoas de idade?

7. ¿Que temas trata?

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

4.Comentario sobre a canción “Pasodobre galego”.

"PASODOBRE GALEGO"

Hai unha terra no mundo
onde Deus puxo a súa man.
É unha terra meiguiña
arrolada polo mar.

¡Ai, miña terra galega,
cantas onciñas me "vals"!
Heiche cantar unhas coplas
para despois de xantar.

O marisco "de la ría"
os xurelos e as sardiñas,
os polbos como os da feira,
as lagostas e os bois.

O ribeiro nunha taza,
os pementos e a empanada,
o touciño e a morcilla,
garavanzos e xamón.

Catro ducias de patacas,
dous repolos e unhas fabas,
uns anacos de galiña,
os chourizos e o lacón.

Os queixiños de tetilla,
as filloas e o marmelo,
as tortas amendoadas,
un puro de metro e medio,
unha copa de augardente
e a roncar en si bemol.

¡Miña terra galega! ¡Ooole!
¡A máis fermosa do mundo!
¡Coas súas verdes "pradeiras"
e os verquidos de mercurio!

¡Nunca na vida tal vin
xentiña tan churrusqueira,
tan alegre e cantareira
e tan chea de paciencia!.

Na mañá unha alborada;
os gaiteiros coas saias;
o reparto de empanadas;
as obras do IGAEM.

Os cursiños de galego;
cada ano novecentos;
as dietas polos congresos;
comisións e eu que sei.

Mellorando a economía,
por fin tempos autovías.
Para que avance Galicia
ti tamén tes que querer.

As industrias e a pesca,
sanidade e gandeiría,
o leite da nosa terra,
as escolas de María.
Todos xuntos por Galicia
e o meu soldo a fin de mes.

¡Miña terra galega...!

Corredoiras embruxadas;
catro pistas asfaltadas;
eucaliptos a moreas;
unha serra chamuscada.

Catro anos no goberno,
catro anos non son nada,
pero unha vida enteira
esa si que é cacicada.

Xentes teleapampanadas;
os porcos enchendo a panza;
os parados e paradas
cantando con ilusión :

¡Vivan, vivan toda a vida
os políticos da terra,
que nos libran do traballo,
das súas penas e miserias,
que nos dan un bo exemplo
de honradez e devoción!

¡Miña terra galega...!

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

5. Comentario sobre a personaxe da *SEÑORA DE PALMÍREZ*.

1. ¿Resultouche simpática? ¿Por que?

2. ¿Recordas algúns dos temas que trataba? ¿Cal era a súa opinión sobre eles?

3. ¿Tiña algo de particular a súa forma de falar?

4. ¿Recordas algunhas expresións que che chamasen a atención?

5. ¿Coñeces alguén que fale de modo parecido? ¿Porque pensas que fala así?

6. ¿Cal é a súa opinión sobre a lingua galega? ¿Estás de acordo?

7.¿Que che parece a súa despedida? ¿Que cousas lle chama ó cantante?

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

6. Comentario sobre a canción “Pandeirada da lingua”.

PANDEIRADA DA LINGUA

O galego é unha lingua
con carácter oficial,
pero inda hai certos señores
que só a usan “pra” cantar.

Hai señores que prefiren
falar nunha lingua allea
como aquel de “La Coruña”
ou aqueloutro en “Puentearenas”.

Que falemos en galego
é unha cousa natural,
coma a chuvia no inverno
e a “calore” no verán.

Inda hai pais que non lles falan
ós seus fillos en galego
porque pensan que é unha lingua
para pobres e paletos.

Tan enorme “tontería”
non é cousa do outro día.
Inventárona hai ben tempo
os opresores de Galicia.

Seica hai profes no colexio
que non falan en galego
¿e sabedes que é o que falan?
pois un castrapo perfecto.

Hai rapaces e rapazas
que ó ir ó instituto
non queren falar galego
porque din que é montuno.

Será porque eles non saben
que esta lingua tan fermosa
é a que usaban os poetas
“pra” cantar ás súas mozas.

Hai rapaces e rapazas
que queren falar galego
pero aínda non o falan
porque din que teñen erros.

Esquecede a vergonza,
non teñades ningún medo,
que o peor é non falalo
por exceso de respecto.

Todo o mundo ten cursiños,
tituliños de galego,
pero á hora de falalo:
“¡Ai, por Dios no te me acuerdo!”

Falemos a nosa lingua,
que é unha lingua moi modern,
nas escolas e nas casas,
nas cidades e aldeas.

1.Comenta o contido desta cantiga.

2. ¿Cal é a estrofa que máis che gusta? ¿Por que?

3. ¿Cal é a que menos che gusta? ¿Por que?

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

7. Comentario sobre a personaxe da *SEÑORA DA LIMPEZA*.

¡PERO TI QUE PENSAS!

A ama de casa converte o fogar
nun doce remanso de "felicidad".
Traballa na sombra e sen descansar
porque o que lle importa son só os demais

O home da casa retorna ó fogar
rendido e cansado de gañar o pan.
Precisa repouso silencio e paz
e todo o que pida nunca está de máis.

E chega o domingo ó doce fogar :
almorzo na cama e copas no bar;
comida na mesa e logo a roncar,
os homes ó "fútbol" e ela a fregar.

¡Pero ti que pensas que vou aturar
todos os caprichos de Don Folgazán!
Lava a camisa, "prancha" os pantalóns
e ollo con queimarme o meu camisón.

¡Pero ti que pensas que vou aturar
todos os caprichos de Don Nugallán!
Vai facer a compra, prepara o xantar
e ollo non te pases botándolle sal.

¡Pero ti que pensas que vou aturar
todos os caprichos de Don Lacazán!
Vai facer as camas e varre o chan,
¡"pásalle" un paniño a todos os cristais!

¡Pero ti que pensas que vou aturar
todos os caprichos de Don Loubán!
Vai buscar os nenos e cambia "os pañais",
cómpralles a roupa e pon o dedal.

¡Pero ti que pensas que vou aturar
todos os caprichos de Don Langrán!
Ponme boa cara, ¡que feo que estás!,
¡vamos para a cama que quero xogar!

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com

SEÑORA DA LIMPEZA

1. ¿ Por que non lle gusta a primeira canción? ¿De que fala esta canción?

2. ¿Por que está "farta dos homes"?

3. ¿Por que o cantante non quere varrer?

4. ¿Paréceche real e frecuente esta situación? ¿Coñeces a algunha persoa que lle pase algo parecido?

5. Escribe quen fai as seguintes tarefas na túa casa:

- pasar o ferro :
- facer a comida :
- varrer :
- fregar a louza :
- coser :
- fregar o chan :
- lavar a roupa :
- tender a roupa :
- facer a compra :

6. ¿Pensas que as mulleres saben facer mellor estas cousas? ¿Por que?

7. ¿Que traballos fas normalmente na túa casa?

8. Se ti es un home e tes irmás ¿que traballos fan elas?

9. ¿Caeuche simpática a señora da limpeza? ¿Por que?

10. ¿Estás de a cordo co que dicía? ¿Por que?

11. ¿Coñeces moitas parellas onde o home sexa o amo de casa e a muller traballe fóra dela e non faga ningunha tarefa doméstica? ¿E ó revés?

12. ¿Que opina a señora sobre a maneira de vestir da xuventude?¿Estás de acordo?

PDF created with pdfFactory trial version www.pdffactory.com